



LINGUA TEMA 14



1. Relaciona cada palabra co seu significado:

- | | |
|---------------|--|
| indicio ■ | ■ Lugar onde alguén se establece para vivir. |
| asentamento ■ | ■ Doazón que se fai, xeralmente de carácter relixioso. |
| ofrenda ■ | ■ Conxunto de obras que pertencen a un museo, biblioteca, arquivo... |
| fondo ■ | ■ Arte de traballar os metais preciosos para facer xoias. |
| ourivaría ■ | ■ Signo que indica a posibilidade de que algo existise. |

2. Completa cada oco cun grupo nominal dos propostos que presente a estrutura indicada:

moitos territorios • grandes acuedutos • os romanos
os cidadáns romanos importantes • o exército romano • moitos restos

- _____ construíron _____
det. + núcleo compl. + núcleo
para levar a auga ás cidades.



- _____ conquistou _____
det. + núcleo + compl. det. + núcleo
grazas ás lexións.



- _____ vestían toga cando saían á rúa.
det. + núcleo + compl. + compl.



- Hoxe en día existen _____ de construcións
det. + núcleo
romanas.

3. Marca en cada caso a oración en que se anuncia unha enumeración e cópiaa colocando os dous puntos onde corresponda:

- ☐ Naquela tenda había moitas cousas libros mobles, roupa, bonecos...
- ☐ Naquela tenda había libros, mobles, roupa bonecos...




- ☐ No mercado venden froita e verdura, peixe fresco e carnes saborosas.
- ☐ No mercado venden produtos de calidade froita e verdura, peixe fresco e carnes saborosas.

4. Completa cada oración coa palabra máis axeitada:

- A casa romana, a *domus*, tiña só unha _____ .
(planta / estancia)
- O _____ decorábase con ricos mosaicos.
(chan / teito)
- As paredes estaban adornadas con _____ diversas.
(teas / pinturas)
- Os dormitorios eran escuros porque non tiñan _____ .
(fiestras / portas)
- Para iluminar a casa utilizábanse _____ .
(braseiros / fachos)



5. Busca no texto as palabras que conteñan sufixos e cópiaas onde corresponda:



Un romano moi rico

Xulio Apuleio é un senador romano que provén dunha familia de ricachóns. Vive nunha casona no mellor barrio de Roma e todas as semanas organiza unhas merendazas en que se serven deliciosos manxares e viños selectos, nuns copóns que é necesario agarrar coas dúas mans. Ninguén marcha dos banquetes ata a madrugada, coa barrigona ben chea. Que festazas organiza Xulio Apuleio!

Iso si, a casa está protexida por unhas reixazas e polo seu can, un imponente animalazo. Porque Apuleio non quere que entre ninguén que non fose convidado.

- | | |
|-------------------------------|---------------------------------|
| ■ Merendas abundantes ▶ _____ | ■ Animal moi grande ▶ _____ |
| ■ Copas enormes ▶ _____ | ■ Reixas altas e fortes ▶ _____ |
| ■ Homes moi ricos ▶ _____ | ■ Barriga moi gorda ▶ _____ |
| ■ Casa inmensa ▶ _____ | ■ Festas moi animadas ▶ _____ |

6. Pon un x nas palabras que conteñen un sufixo aumentativo:

- | | | | |
|-----------|------------|------------|------------|
| ■ patadón | ■ espiñazo | ■ desgraza | ■ diaza |
| ■ ruidazo | ■ carbón | ■ abrazo | ■ caloraza |
| ■ traza | ■ pedraza | ■ fogón | ■ embarazo |

7. Marca as oracións en que os dous puntos se utilizaron de forma correcta:

- ☐ Para chegar ao destino colleu: un avión, un tren e un autobús.
- ☐ Xoel preguntounos: «Apetécevos tomar un xeado?».
- ☐ A casa nova ten moitas estancias: unha cociña, dous baños e varios cuartos.
- ☐ Dixo que: lle gustaría moito visitar outros países e cidades.